



**ELIAS, Norbert (2023). *Mi trayectoria intelectual*. Madrid: Irrecuperables; 192pp. ISBN: 978-84-85209-58-3**

O presente volume contén os seguintes textos: unha entrevista biográfica con Norbert Elias a cargo de A. J. Heerman Van Voss e A. Van Stolk; as notas biográficas que o propio Elias escribiu durante a súa vida e que aparecen estruturadas en cinco apartados (I. Sobre o que aprendín. II. Alfred Weber e Karl Mannheim (1). III. Alfred Weber e Karl Mannheim (2). IV. Notas sobre os xudeus como parte dunha relación entre establecidos e marxinais. V. Demasiado tarde ou demasiado pronto); e, finalmente, un epílogo, elaborado por Julia Varela, que leva por título “Norbert Elias, o sociólogo que explorou novos camiños para a liberdade”.

A necesidade de desvelamento foi unha das miñas principais forzas impulsoras. Moitas das persoas se resisten a facelo, tanto hoxe coma onte. (...)Trátase dun obxectivo moi ambicioso, e só o alcancei en parte (...). Non sei se o meu traballo será continuado e non é tarefa dunha soa persoa, senón do labor de moitas xeracións.

Desa cadea xeracional que tanto anhelaba Norbert Elias forma parte Julia Varela quen, no devandito epílogo, desenvolve en profundidade as temáticas que considera nucleares: Experiencias de barbarie. A busca dunha socioloxía crítica. O sociólogo como cazador de mitos. Unha socioloxía útil para abordar os problemas do presente. Intuíndo que nada lle gustaría máis a Elias, empecemos polo final, copiando as palabras con que comeza Varela:

A miña traxectoria intelectual é un libro que está formado por unha larga entrevista biográfica e por unhas notas biográficas que o propio Elias escribiu durante a súa vida. Esta obra, porén, vai moito máis aló da formación e do exercicio da profesión, vai máis aló do proceso que lle permitiu chegar a ser o gran sociólogo que foi. Dous capítulos centrais abordan estes e outros aspectos da obra de Elias, pero sobre todo estes textos permítenos coñecer novos aspectos da socioloxía europea do século XX(...). Estamos ante unha biografía que, tal e como a narra o propio Elias, resulta ser socioloxicamente modélica, xa que vincula estreitamente unha parte importante da súa vida cos dramáticos conflitos que golpearon a Europa e o mundo durante a primeira metade do século XX.

Usando tamén o seu cronograma como fio condutor, deterémonos nalgunhas das experiencias vitais e profesionais que axuden a coñecer e comprender en máis profundidade tanto a obra e a vida de Norbert Elias, como o contexto sociopolítico e universitario que lle tocou vivir. Para rematar, recolleremos algúns cachiños da entrevista que, ao noso entender, dan conta do rigor, profundidade e compromiso coa verdade con que Elias afrontou a vida.

“Norbert Elias ten sido entrevistado a miúdo sobre o seu pensamento, pero só en raras ocasións sobre a súa vida, asunto que tamén a el lle preocupa moito menos”. Así comeza a entrevista biográfica con Norbert Elias a cargo de A.J. Heerman Van Voss e A. Van Stolk, que recolle o froito de sete conversas que manteñen no ano 1984: tres en Bielefeld, no seu cuarto de traballo, e catro no seu domicilio de Amsterdam-Sur. Nada máis comezar a ler trasladámonos a eses escenarios e metémonos de cheo na conversa:

Elias non vive como un ancián: sempre se mantén activo. Escribe poemas, segue os acontecementos do mundo, practica a natación, viaxa e interésase vivamente polas alegrías e as penas dos seus amigos... En ocasións amosa unha maior resistencia que a dos seus entrevistadores, que sumaban en total menos anos que os seus.

O seu ambiente de traballo, caracterizado pola presenza de material escrito: libros, revistas, orixinais, carpetas, cartas, periódicos (...) A súa xornada comezaba ás 11 sete veces por

semana; ás dúas chegaba o seu axudante, que traballaba con el ata as 10 da noite. O traballo só se interrompía para dar un paseo polo bosque e para a cea.

Pero empeceamos, agora si, polo principio. Norbert Elias nace o 22 de xuño de 1897 en Breslau, onde permaneceu ata 1915. Pasando directamente do colexio ao cuartel, desde moi pronto soubo que “quería ir á universidade, quería ensinar e investigar. Sóubeno desde moi pequeno e empeñeime niso con tesón, a pesar de que ás veces parecía imposible”. Fillo único, criado nun ambiente que percibía como seguro e onde era inimaxinable que algunha vez puidera aniquilarse, entende que “a miña posterior capacidade de resistencia, cando escribía libros aos que ninguén prestaba atención, refiroa sempre a esta enorme seguridade da que gocei na miña nenez”. Non sería ata despois de rematar o colexio, primeiro como soldado e logo como estudante universitario, cando logrou facerse unha imaxe máis realista da situación sociopolítica da súa época.

No ano 1918 comeza os estudos de Medicina e Filosofía, cun semestre en Heidelberg e outro en Friburgo, para se doutorar en Filosofía seis anos despois. Sobre esta etapa destacan tres experiencias vitais que “contribuíron a robustecer o meu sentido da realidade”: a formación como soldado e a terrible e traumática experiencia da guerra; a influencia dos estudos de medicina na súa carreira posterior; e o seu traballo nun forno de fundición.

Buscando emprender unha carreira científica, trasládase en 1925 a Heidelberg que describe como unha cidade estudantil, de forma parecida a Oxford e Cambridge, onde había con frecuencia interesantes debates: “Era unha especie da Meca dos sociólogos”. Asiste aos seminarios de Alfred Weber e Karl Mannheim, que tiveron unha influencia decisiva na súa formación como sociólogo.

No ano 1930 trasládase a Frankfurt como axudante de Mannheim. A pesar de que Alemaña, entre 1925-1930, era un país escindido, onde o poder da dereita e a violencia entre nacionalsocialistas e comunistas ía en aumento, lembra como no seu círculo estes feitos eran interpretados como un desprazamento de forzas parlamentarias, pero que, en ningún caso, sentiron que as súas vidas estivesen ameazadas. Non tería unha percepción de perigo ata 1932, coa ameaza crecente de violencia en forma de pelexas en reunións públicas. Foi nesta época tamén cando decidiu asistir a un acto de Hitler, coa intención de orientarse, de entender e ver cos seus propios ollos o que estaba ocorrendo, e veu con claridade a natureza e o alcance do perigo.

Abandona Alemaña no ano 1933 e intenta conseguir un posto universitario en Suíza e París, pero como non o conseguiu, e tras pasar por Alemaña, vaise a Londres en 1935. Alí reinicia a súa carreira científica grazas ao financiamento dun comité de refuxiados, que lle permite dedicarse a escribir o seu libro *El proceso de civilización*. Sobre este traballo, elaborado na biblioteca do

Museo Británico, recorda que “reinaba unha atmosfera calada; traballar alí durante anos constituíu un disfrute intenso (...) As miñas ideas sobre do que debía escribir eran ao principio bastante vagas, pero pouco a pouco, a base de osmar entre os libros, din con un rastro que me pareceu prometedor”. Publicárase en 1939.

Profundamente conmovido lembra a visita que lle fan a súa nai e o seu pai en Londres: “Escoito coma se fose hoxe as palabras de meu pai: ‘Nunca fixen nada inxusto. Que poden facerme?’”. Esa era a última vez que os veu: “A miña nai escribume en 1940 comunicándome a morte de meu pai (...) Logo, desapareceu en Auschwitz (...). Desculpen un momento”.

A pesar de que viviu 40 anos en Inglaterra, desde 1935 a 1975, ao ser preguntado sobre se algunha vez se sentiu inglés, responde categórico: “Non, completamente imposible. Sentínome cidadán británico, pero iso é algo distinto. Ningún inglés diría que eu o sexa. Un inglés é alguén nacido en Inglaterra”.

Deixou Londres en 1954 para irse a Leicester, onde organizou un departamento que, segundo as súas palabras “era o principal subministrador de profesores de socioloxía en Inglaterra”. O carácter innovador dos seus traballos non era ben aceptado na tradición inglesa, de veta fortemente conservadora, polo que non tivo oportunidade de facer carreira: “Puiden resistir debido a certa resistencia correúda que ao parecer, posúo no fondo (...). Nunca cheguei a renderme. Nunca planeei a miña vida, pasei por ela como o xinete

sobre o lago de Constanza, sen medo a que puidese romperse o xeo. Este é o meu sentimento ante a vida”.

1962-1964. Cátedra temporal na Universidade de Ghana, en Akkra. Recórdaa como unha experiencia inesquecible e reflexiona como se pode sobrevivir cando as formas de vida están caracterizadas por experiencias vitais de violencia e inseguridade física, e tamén sobre a procura de axudas de forzas invisibles para poder facelo.

1965 e anos seguintes. A súa posición de pouca relevancia da década anterior cambia ao deixar Inglaterra para impartir clases noutros países: profesor convidado en Holanda (Amsterdam, A Haia) e Alemaña (Münster, Constanza, Aquisgrán, Frankfurt, Bochum, Bielefeld). Reside en Amsterdam (desde 1975) e en Bielefeld (desde 1979: Centro de Investigación Interdisciplinar).

1977. Concesión do Premio Adorno da cidade de Frankfurt pola súa obra.

1984. Instálase definitivamente en Amsterdam. Acerca do seu regreso a Alemaña, despois de moitos anos vivindo máis nese país que en Inglaterra, recorda que: “Foi un proceso lento, non podo dar unha data en que tería regresado (...) Desliceime suavemente cara a iso. Así foi sempre a miña vida”. Respecto a como afrontou a volta a este país onde sufrira experiencias terribles e traumáticas, comenta: “Non responde á miña maneira de ser pagarlle ao antisemitismo coa mesma moeda. Considero erróneo e inxusto

condenar a todo un grupo de seres humanos. Non condenarei a todo un pobo polo período nazi, sobre todo despois de dúas ou tres xeracións. (...) Tamén é unha cuestión sentimental. Non teño eses sentimentos, ese sentimento de odio”.

**Desenmascarar. Desvelar. Desideoloxizar. Problematicar. Buscar científicamente a verdade.**

Ata hoxe non teño aínda a sensación de ser comprendido de todo. Non teño aínda a impresión de ter cumprido o meu traballo. (...) O simple dato de que o tipo de teoría que intento desenvolver sexa diferente do que tradicionalmente é considerado unha teoría, segundo os modelos físicos, crea enormes equívocos.

Para comprender o desenvolvemento da socioloxía nos primeiros anos do século XX, Norbert Elias propón que nos preguntemos sobre os motivos que levaron a un conxunto de persoas, que orixinariamente estudaran outras disciplinas, dedicarse á socioloxía. Na súa opinión, en moitos casos, este empuxe proviña do recoñecemento de que, no proceso da crecente urbanización e industrialización, xurdían novos problemas que non foran abordados pola historia, a economía, a política e outras ciencias sociais, por non encaixaren no seu esquema de intereses e non seren accesibles mediante os seus métodos tradicionais:

A socioloxía proxectaba unha tarefa innovadora a grande escala: a de elaborar unha teoría xeral da sociedade humana ou, máis exactamente, da

evolución da humanidade, que puidese servir de marco integrador ás diferentes ciencias sociais particulares.

Fronte á mingua da imaxinación e a sensibilidade sociolóxica, froito dos efectos da indiscutible e inevitable profesionalización e burocratización da socioloxía, lémbrenos como a innovación promovida polos sociólogos clásicos deriva da súa perspectiva aberta a outros campos epistemolóxicos; isto é, de ter adquirido coñecementos amplos doutras disciplinas.

Norbert Elias pon os cimentos do edificio teórico da socioloxía científica onde o sociólogo é un *cazador de mitos*. O seu desexo era “levantar o veo das mitoloxías que encobren a imaxe da nosa sociedade (...) Colaborar dalgunha maneira a poñer en marcha esa desideoloxización das teorías sociolóxicas. Era máis difícil do que imaxinara (...) *Buscaba* alcanzar unha imaxe non ideolóxica da sociedade e logreino”.

Nas súas “Notas sobre os xudeus como parte dunha relación entre establecidos e marxinais”, reconstrúe como a súa familia –xudeus en Alemaña–, abordaba antes da primeira Guerra Mundial a problemática dos marxinais. Así, se ben tiña conciencia da discriminación e estigmatización do grupo propio, sentía tamén o amparo das institucións xurídicas o cal lles garantía un vida plenamente segura no físico, no económico e no cultural. Desde o punto de vista sociolóxico, en cidades como a súa, os xudeus constituían unha sociedade burguesa de segundo rango, mais non se sentían persoas de inferior

categoría. O feito de que moitos xudeus non recoñecesen a inferioridade que se lles atribuíu e mesmo que se comportasen en moitos sentidos coma se fosen persoas iguais ás demais, resultaba unha provocación para moitos dos membros da maioría alemá. Era esta unha das razóns do reproche persistente da “impertinencia xudía” e fortalecía, sen dúbida, os sentimentos de hostilidade contra os xudeus: “O nivel de tensión sobe cando os membros dun grupo marxinal, menosprezado por principio, reclaman non só igualdade social, senón tamén unha consideración humana equivalente”.

Estas experiencias vitais de posición social marxinal permitíronlle distanciarse da sociedade dominante e tiveron, sen dúbida, unha importante impronta no futuro sociólogo para “captar con nitidez as deformacións e encubrimentos ideolóxicos producidos polas relacións sociais de poder”. Interesado en elaborar unha teoría científica para asuntos que ata daquela permaneceran baldíos, no seu libro *El proceso de civilización*, busca emancipar as teorías sociolóxicas da hexemonía das ideoloxías políticas do momento. Tiña clara conciencia de que constituiría un ataque implícito contra o fluxo das investigacións dos psicólogos contemporáneos sobre actitudes e comportamentos, na medida en que entendía que “estes procedían coma se puidesen tirar conclusións inmediatas sobre calquera ser humano partindo dos resultados de tests con persoas de hoxe”.

Convencido de que o desenvolvemento deste tipo de teoría sociolóxica “deberá conter, creo eu, no seu núcleo unha teoría sobre procesos sociais a longo prazo” e aclarando que o tipo de pregunta formulada non é histórica senón sociolóxica:

Os problemas e estruturas do presente adoptan unha forma moi distinta cando se ven á luz do pasado, en unión cos procesos sociais longos que conducen a eles, que cando se contemplan en si mesmos a curto prazo e de forma estática, coma se representasen unicamente o presente.

Nos seus traballos busca tamén romper coa dicotomía preestablecida entre individuo e sociedade ao entender que o concepto de individuo requiriría unha reelaboración, pois era necesario sacalo do seu illamento, incluso no ámbito do intelectual, e situalo nos modelos intelectuais, como individuo na cadea das xeracións, na orde do sucesivo. Así, no seu segundo libro *A sociedade dos individuos*, aborda como os planos sociais posúen as súas propias regularidades e que no poden atribuírse sen máis aos individuos .

**Xudeu-alemán; antirrelixioso-relixioso; non militante-militante político; Estado de dereito- Estado de forza; traballo/vida persoal.**

Para rematar esta recensión volvemos ao inicio, á *Entrevista biográfica con Norbert Elias* a cargo de A.J. Heerman Van Voss e A. Van Stolk, coa intención de seleccionar aqueles estratos da conversa onde Elias matiza ou mostra desconformidade co tipo de linguaxe utilizado nas preguntas. Ao ler de seguido os intervalos

seleccionados descubrín, non sen pracer, que esas cuestións descansaban nunha lóxica fortemente dicotómica e, por ende, non libre de prexuízos e suposición, tal e como evidencio no título co que nomeo o apartado (estou convencida de que Elias matizaría ou amosaría a súa desconformidade con esta decisión; nada me gustaría máis!).

*¿Sentíase vostede parte da comunidade xudía ou da cidade no seu conxunto? Iso, e vostedes perdoen, presupón un nivel de conciencia que seguramente non posuía. Que se sentía máis xudeu ou alemán? Non o tomen a mal, pero esa é unha formulación completamente incorrecta. Por que? Porque as dúas ideas non competían entre sí.*

*O seu pensamento é totalmente antirrelixioso. Oh si, naturalmente; ou máis ben, non, non é “anti”. Cando se me fai unha pregunta así adoito responder: non son supersticioso. De feito, son moi tolerante coas persoas relixiosas e non “anti”. Pero tampouco son supersticioso.*

*Non é curioso que vostede, a diferenza de todos os seus demais amigos, non pertencese a ningún partido? Vostede permitiuse esta postura. Por que?. Como podería ter sido membro dun partido coa miña forma de ver as cousas, coa miña necesidade de ver máis alá dos velos do encubrimento? Todos os seus programas se fundaban en desexos. E non quixo tampouco fundar un partido propio? Non, por deus! É unha idea absurda do todo, completamente absurda. Reacciona coma se o insultásemos. Perdoen! No entanto, desexa influír na sociedade, non é certo? Desde logo,*

pero mediante o traballo nunha ciencia dedicada á sociedade e caracterizada polo realismo (...). A miña tarefa era outra: desmitificar as ocultacións (...) *Sente vostede aversión contra as ilusións.* (...) Que queren dicir con aversión?... Que forma de falar é esa? Eu falo de saber! (...) Opino moi seriamente que vivimos nunha maraña de mitoloxías e que, na actualidade, unha das tarefas máis importantes é limpar esa maraña. O que debería producirse é unha limpeza xeral desas que se fan ao final do inverno.

*Cría no Estado de dereito?* Non, impedíamo o meu sentido da realidade. *Entón cría máis ben na forza?* Vostedes perdoen pero non podo consentir que se dirixan a min nestes termos....*Parécenos raro que se comprometera tan pouco politicamente.* Non tiña ilusión de poder facer moito (...). As miñas emocións estaban dirixidas polo meu desexo de non caer nas ilusións ao uso. *Era vostede pesimista?* Non, (...) Son categorías inadecuadas. Intentaba con todas as miñas forzas ser realista.(...) *Custa crer que se mantivese tan á marxe.* Non me mantiña á marxe! Facía todo canto podía.

*Alemaña é a súa patria?* Son un europeo (...) Nunca compartín a idea de que un poida ou deba identificarse cun único país. É evidente que queren vostedes encadrarme, que queren poñerme unha etiqueta, e iso no funciona comigo. É verdade que me produce certa satisfacción ser considerado un sociólogo alemán, pero, é evidente, son algo máis que iso.

*Considera o seu traballo, os seus escritos e pensamentos como a parte máis importante de si mesmo?* A palabra "parte" non dá no albo: o

meu traballo é o centro do que considero que é importante para min. *Gustoulle traballar ao longo de toda a súa vida?* Esta afirmación é demasiado simple, pois aprender a traballar é un traballo duro. Entrégome ao traballo, o cal é unha difícil loita e non algo que xurda por si só. Sempre tiven que volver á loita, aínda hoxe debo facelo. *E cal é a satisfacción que hai niso?* Que saia ben (...). Hai pouco lin nunha recensión que era o último representante da socioloxía clásica (...). Sentínme moi desgustado, pois tería preferido ser alguén que abre novos camiños. (...) Nunca dubidei do que estaba facendo (...) Sempre tiven claro que as opinións dominantes eran unha impostura. *Quizás a fe nas propias ideas sexa simplemente cuestión de optimismo.* Non, non é unha cuestión de optimismo. É a forma normal de traballar dun científico. Suscítase un problema e, certo día, sábese un na posesión da solución. Esa solución non se inventa, tense (...) Antes dábase máis por suposto que agora que mediante o traballo intelectual se podía descubrir realmente algo. Na actualidade, esta actitude parece insólita, pois o nihilismo está moi en alza; noutros tempos era distinto. Nese sentido son un fósil de tempos pretéritos. *Sempre puxo vostede o seu traballo por encima da chamada vida "persoal". Nunca desexou casar, ter fillos?* (...) Decateime moi pronto de dúas cousas: facer o que desexaba e estar casado non funcionan xamais. Sempre existe unha rivalidade. *Foi unha decisión difícil?* Dubido de que sexa correcta a suposición da súa pregunta (...) Non houbo nada meditado. A vida transcorre doutra maneira.

*Segue considerándose xudeu?* Si (...) é dicir, son xudeu, un xudeu alemán, por toda a miña maneira de ser e tamén polo meu aspecto. Segundo formulan vostedes a pregunta soa coma se tivese algunha elección (...) O que quero dicir é que non son xudeu por querer selo senón porque o son. *É tamén alemán da mesma maneira?* Propiamente debería dicir: son un xudeu alemán que viviu trinta anos en Inglaterra. Todo iso deixou unha marca no meu carácter e todo iso é o que son.

*Unha última pregunta: Hai algún lugar onde preferiría morrer?* Non. Só me gustaría unha morte indolora (...). Pero éme indiferente o lugar onde isto ocorra. *E onde preferiría ser enterrado?* Entón xa non serei "eu"(...). *Pero, ás veces, as persoas teñen desexos moi precisos sobre este punto.* Eu non; nunca pensei niso. Preocúpanme os problemas dos seres humanos e, de feito, escribín nalgún lugar: "Os mortos non teñen problemas".

O 1 de agosto de 1990, aos 93 anos, morre en Amsterdam Norbert Elias, o sociólogo que abre novos camiños para a liberdade.

Ana IGLESIAS GALDO  
Universidade da Coruña